

Laraxe: memoria dun século



Laraxe: memoria dun século



Contidos

Laraxe: Memoria dun século
Concello de Cabanas

Setembro de 2022

Contidos

Sara Fraga Pérez
Rexenerando S. Coop.

Imaxes

Cedidas polas veciñas e veciños que asistiron ao obradoiro.

Deseño gráfico

Nadina Gráfica

Concellería de Igualdade, LGTBI e Cooperación de Cabanas
Proxecto financiado pola Xunta de Galicia

Que é Laraxe: memoria dun século?	9
Que vas atopar nesta publicación?	11
A parroquia	13
A vida	17
Contos de risa	23
A flora e a fauna	27
A infancia	31
As mulleres	41
Os traballos	49
Os remedios e os saberes	55
As crenzas	59
A guerra e as súas consecuencias	63
A festa	73

*Somos poucas e unidas,
E cas pouquiñas que somos,
Somos moi adevvertidas*

—Cantiga popular

A todos os veciños e veciñas de Laraxe, donas da súa historia. Para que sigan mantendo viva a chama da memoria, lembrándonos quen somos.

Que é Laraxe: memoria dun século?



Participantes no obradoiro «Laraxe: Memoria dun século»

«Laraxe: memoria dun século» é un obradoiro de historia oral e saúde comunitaria con perspectiva de xénero. Está organizado polo Concello de Cabanas e subvencionado pola Xunta de Galicia a través da liña de promoción da igualdade. Foi desenvolvido en diferentes emprazamentos da parroquia entre xullo e agosto de 2022. Vén dar continuidade ás edicións de Soaserra en 2018, San Martiño do Porto en 2019, Regoela en 2020 e Irís en 2021.

Entre os obxectivos deste proxecto está a divulgación da historia oral e o patrimonio inmaterial da parroquia, lembranzas que definen o lugar e o converten en único. Historias compartidas antes na lareira, na festa ou nos campeiros, mais cada vez máis descoñecidas para as novas xeracións a pesar do seu valor.

Este obradoiro busca tamén coidar da saúde dos e das veciñas, ofrecendo un espazo no que exercitar a memoria e compartir tempo con outras persoas, nun momento no que os contextos de encontro son ben menos ca antes. Por último, entre as finalidades deste espazo está a posta en valor das vidas e saberes das mulleres, contribuíndo ao seu empoderamento e a visibilización das súas achegas á sociedade.

O obradoiro desenvolveuse a través de seis sesións de recollida da memoria oral no local social de San Mamede de Laraxe, a través de entrevistas colectivas. Foron deseñadas e guiadas por Sara Fraga Pérez con Rexenerando S. Coop., e contou coa participación de once veciñas.

As persoas que nos acompañaron nesta pequena viaxe polo tempo foron:

Consuelo Díaz (Chelo das Barreiras)

Dolores Prego (Lolita Prego)

Marina Ramos

Martina Feal

Carmen Eiroa (Mucha)

Marciala Fernández

María Teresa García Picos (Marité)

Ángela Pico Bermudez (Galuca)

Josefa Cernadas (Pepucha)

Arsenia Ramos Saavedra (Seni)

Natividad Prego

Josefa Gómez Arias (Fina)

Agradecemento especial merece Manolo Rivera Piñeiro, por proporcionarnos un espazo agradable onde xuntarnos coas participantes.

Que vas atopar nesta publicación?

Richi Casás, en *Fuliada na Vila*, fai esta reflexión que nos invita a escoitar con atención e, sobre todo, coidar do que nos contan e nos ensinan as persoas maiores:

«Elementos coma os cantos, os contos, as preparacións culinarias, os refráns e a práctica totalidade do patrimonio oral e inmaterial están inzados de amor cara á vida, a comunidade, o entorno. Son vectores de coidados, de cariño e de preocupación polos demais. E ir de recollida é unha satisfacción, pois sempre se verte algo dese amor cando unha avoa nos regala un cantar, ou nos conta un conto. Un amor que é imposible devolver tal e como nolo deron. Só queda incubalo, nutrilo e repartilo máis adiante a quen o precise».

O que esta pequena publicación reúne son parte das lembranzas que as participantes anteriormente mencionadas compartiron no obradoiro «Laraxe: memoria dun século». Alberga historias, recordos e anécdotas dos últimos cen anos, relatos que nos permiten coñecer mellor o lugar, as persoas, a vida ou os acontecementos e entender mellor a identidade desta parroquia. Trátase de historias invisibles, que

non adoitan saír nos libros de texto pero que nos achegan á realidade das persoas labregas e obreiras e das mulleres que as criaron e coidaron; a maior parte da sociedade, a maior parte das nosas familias.

Esta publicación non pretende ser unha recollida exhaustiva de toda a información do lugar: non están, nin moito menos, todos os episodios importantes dun século; e os datos non están contrastados historicamente. Son o resultado humilde de seis tardes de encontro entre algúns veciños e veciñas con vontade de lembrar.

«Laraxe: memoria dun século» quere ser un pequeno estímulo para o recordo. Para que as persoas que o lean, de aquí ou de fóra, maiores ou novas, sexan conscientes do valor da súa historia, e se active nelas a curiosidade por xeraren máis e mellores espazos de diálogo coas persoas maiores.

A parroquia

As Barreiras, a Torre, a Rúa, o Peón, a Naveira, os Currás, *carretera* de Fonfría, o Pereiro, o Feal, Lugar de Pazos, Teloi, Aquela Banda, Relousada, os Chaos e os Anidos son os lugares que conforman a parroquia de Laraxe. As súas veciñas cóntannos que na súa parroquia se podía facer vida sen necesidade de ir a Pontedeume a nada, pois había serradoiro, muíño, salón de baile, cine, e unha tenda na que se podía comprar de todo: carne, puntas, bragas... e incluso condóns! «Establecimientos Prego» ofrecía todos estes servizos. Sobre este lugar tan emblemático da parroquia, as participantes recordan dous dos seus carteis, que dicían:

«El elefante es el animal que más aguanta sin beber. No sea usted y beba».

«Hoy no se fía, mañana si».

Os traballos comunitarios que realizaba a veciñanza na de Prego tamén eran moi sonados e os máis famosos eran a malla e a esfolla, sobre todo pola cantidade de xente que se xuntaba na súa casa.

Ademais, en «Establecimientos Prego» tamén se podían mercar zocas, que o pai de Lolita ía buscar á feira das Pontes.

Había moita variedade de tallas e estaban gardadas nunhas uchas. Ti chegabas alí e levabas un carabullo coa medida pola túa zoca e remexías ata atopar a que che valse.

Outro lugar destacado da parroquia, neste caso por ser unha casa rica, era a Torre de Laraxe. A día de hoxe, alí é onde vive Josefa que, entre risas, cóntanos que a ela xa non lle tocou nada desas riquezas que tiña a casa. Dela, recordan que tiña un teixo e un hórreo moi grandes, con escaleiras para subir e feito todo de madeira. Posto que alí sempre viviu un cura, este era un lugar ao que moitas veces ían os cregos da contorna e o bispo comer. A avoa de Marité acostumaba a ir a servir a estas comidas, pero escoitaba cousas pouco apropiadas para que contasen os curas, algunhas incluso contadas durante a confesión.

Ela non era a única que facía este tipo de comentarios, pois Mucha lémbrese que a criada do cura (Don Luis) que había na parroquia cando era ela nena, dicía: «Á misa non faltedes nunca, pero ós curas non lles fagades casiño ningún!». E Mucha engade: «Quen sabe o que ela tería presenciado!».

Os muíños, os ríos de lavar e as fontes tamén eran lugares importantes da parroquia, por ser puntos de reunión entre os veciños.

O funcionamento dos muíños podía ser por parceiros ou de maicar. Un muíño de parceiros pertencíalle a varias casas, así que repartíanse os días da semana para utilizalo. No caso dos que maicaban, o muiñeiro quedábase cunha parte do cereal que levases moer, que sacaba cun cazo. Se levabas moito

maínzo, quitábanche dous cazos, e se era pouco, quitábanche un. Elas ían sempre ao muíño no que se maicaba, o de Germán de Ventín, que era o máis grande e era de trigo e de maínzo. Chelo compartiu varias anécdotas sobre os muíños, a primeira sobre o funcionamento dos de maicar. Cando na súa casa a mandaron moer, non lle contaron nada deste sistema, así que cando o muiñeiro lle quitou a maíca non entendía nada, e ao chegar á casa díxolle ao seu pai que lle roubaran maínzo. Tamén se lembra que houbo unha época na que estaba prohibido vender trigo ou maínzo e só podías moer o teu propio, cousa que para Germán foi unha faena, porque vendía moita cantidade.

Os muíños aos que ía a xente da parroquia eran todos de auga excepto o de Prego, que era máis recente e xa era eléctrico. Ademais deste, había sete muíños na parroquia: o de Germán de Ventín, o da Costa, o da Capota, que era de trigo e de maínzo, o de Celsa Ignacia, o de Arguemiro de Pazos, ou tamén chamado «o da Roda», que tiña forno; o de Rifón, e o do Cubo.

As fontes que había na parroquia eran: o Picho, a Fonte do Ouro, a do lugar de Pazos, Fonte Lucía, a da Igrexa, Insua, os Anidos e a da Naveira.

A «fonte do ouro», era unha das fontes máis populares da parroquia. Estaba polos Currás abaixo e recibía este nome porque cando saía a auga brillaba. Marité lémbrese que era unha auga moi rica e moi fresquiña.

Os ríos de lavar eran lugares frecuentados polas participantes.

Normalmente íase lavar a roupa os luns, pero por ser lugares moi concorridos había mulleres que ían ás seis da mañá a reservar o sitio. Recordan os seguintes: o dos Carneiros, o Pereiro, o da Naveira, o da Torre e o de Roque. Ademais, estaba o da Insua, que eran unhas pedras. Entre risas, Martina comentou que o de Ventín tamén era río de lavar, pois alí era onde lavaban as tripas. Por suposto, os ríos de lavar estaban máis cheos en inverno; pois, como afirman: «No inverno había ríos por todas partes, pero no verán tíñaste que buscar a vida».

A estrada tamén era un lugar habitado pola xente de Laraxe, pois ao pasar un ou dous coches ao largo do día, podían facer vida nela. A procesión ía por ela e nunha ocasión puxeron á virxe do Perpetuo Socorro nun carro tirada por un cabalo. O cabalo asustouse cos foguetes da festa e comezou a levantar as patas de diante, e a virxe levantábase a canda el.

A vida

—Marité: É moita a perda anque se perda a vida de antes! Unha perda *ghrandísima!*

—Geluca: Bueno, muller, pois para valorar o bon, hai que coñecer o malo.

En xeral, a vida cando as participantes eran novas era ben distinta, pero a diferenza que máis destacan é o trato coas persoas. Elas bótanlle a culpa sobre todo ao teléfono e aos coches, pois se tiñas que ir darlle un recado a alguén non a chamabas como hoxe en día, ías ata a casa e aínda quedabas de leria un cacho. Ademais, íase a todas partes andando, polo que se atopabas con alguén, sempre parabas a falar. Un símbolo deste xeito de convivir era que as portas non se pechaban; estaban sempre abertas.

—Geluca: Daquela pasábalo mal, pero ao mesmo tempo pasábalo ben.

—Marité: Boto os tempos de antes de menos. Da forma de vida, das relacións, de falar ca xente. Daquela xuntábase catorce persoas para ir plantar as patacas.

—Lolita: E para as esfollas!

Os momentos da vida que máis recordan as participantes son os traballos, e en concreto ir por auga, lendar as vacas, as festas e os camiños andando ata elas.

Ir por auga era un traballo que habitualmente recaía nas mulleres, e ocupaba gran parte do tempo ao longo do día. A auga da parroquia de Laraxe viña dende o monte, onde as vacas pastaban, cagaban e mexaban, cousa que destacaron moito as participantes, pois con esa auga facían de comer e de beber e non enfermaban. Como di a frase, «Agua corrente no mata a la gente».

Para coller a auga para beber, había que ir ás fontes, pero para o resto de cousas para as que se precisaba auga; cociñar, lavarse, darlle de beber aos animais... había un cano cunha pedra de cantería, semellante a unha pía, con dous ferros, a onde se ía coa sella. Poñíase alí debaixo e cun molido poñías a sella na cabeza e levabas a auga para a casa. Este molido facíase dun trapo ou dunha toalla vella. Con esta tea facíase un círculo e colocábase na cabeza. Mucha lémbrese que ao chegar á casa xa non era quen de pousar a sella, porque a fonte estaba lonxe.

Para coller auga para as vacas adoitaban ir tres persoas e coller dous baldes: unha ía no medio e as outras termaban das asas. Ían pola estrada carretánda e na casa xa tiñan unha pía para baleirar a auga. Outra alternativa era ir dúas persoas cun pao ao lombo e os caldeiros no medio.

A pía que había na casa, onde se baleiraba a auga, era onde se lles daba de comer ás vacas. Era habitual que a estes se lles

dese un caldo con verduras, patacas, melóns, salvado... Era habitual que houbera salvado porque se peneiraba.

As familias eran grandes, e ademais de facer de comer para os animais, tamén había que facer de comer para a xente da casa. A cociña que había era unha lareira e amañarse para facer comida para tanta xente ao lume levaba o seu tempo. Nunha ocasión a nai de Marité pediulles a ela e máis ao seu irmán que lle escurrisen o repolo con patacas mentres ela muxía as vacas. A Marité tocoulle aguantar do testo, pero como era tan grande e pesaba tanto, caeulle a metade no balde das vacas. Pero como a comida non sobraba, collérono coa escumadeira, comérono ao día seguinte e ninguén se enterou.

Os chourizos gardábanse metidos en graxa de porco ou na *vixigha*. Martina lémbrese que súa nai facía os chourizos, secaba a *vixigha* do porco; e, unha vez seca, inchábana cunha palla e despois atábana. Nunha ocasión, antes da Candelaria, foi baixar a *vixigha* que tiña os chourizos, abriuna e non había ningún. Martina e máis os seus irmáns estaban calados. E tiña un irmán lambón e resulta que os papara el!

Na casa de Martina tamén se facían os freixóns, que habitualmente facía o seu pai. Botaba cociñando toda a noite e, despois de repartir cos fillos, sentábase enriba da artesa para que ninguén os tocara. A freixoeira da casa de Martina era cadrada e de ferro, pero a das da maioría das casas da parroquia eran redondas. Os ingredientes dos freixóns eran fariña, auga, ovos, anís, raspa de limón e auga. Había quen mesturaba a fariña de trigo coa de maínzo.

Outra receita que compartiron foron as das papas pejas. Estas facíanse cando o caldo ía quedando solto, cortábase pan e botábaselle. Os *chiribicos* facíanse coa masa dos buñuelos, tirando un anaco de masa na tixola. En lugar de facer o buñuelo grande, botaban porcións máis pequeniñas de masa.

En xeral, todas as participantes do grupo foron amas da casa e adicáronse a coidar dos seus fillos e das persoas maiores, tanto da súa familia como da familia dos seus maridos. Moitas delas aprenderon a coser na infancia e antes de casarse. Chelo, Mucha e Marité botaron parte da súa vida na emigración, e para comunicarse coas súas familias tiñan que utilizar o teléfono público. Este era similar a unha centralita na casa de Miluca. O funcionamento era o seguinte: o teu fillo dicíache por carta o día e a hora á que te ía chamar, así que ías para alí ese día falar. E a señora do teléfono escoitaba todo!

A morte tamén forma parte da vida e os velorios foron un tema de conversa ao longo dos obradoiros polo distintos que eran aos de hoxe en día. Celebrábanse na casa durante toda a noite, e chegadas as 12, aos homes había que darlles café e unha copa de coñac. Marité aínda se lembra do da súa avoa, no que a xente que se quedou ata as tres da mañá houbo que volver servirles café. Comenta que non había duelo nin nada, porque había tanto balbordo na casa, que non che daba tempo a pensar no acontecido. Contábanse contos e había moita risa. Daquela ía a xente de toda a parroquia á casa do defunto. Agora lamentan que en moitos enterros case nin tocan a campá, polo que non te enteras.

Atender aos convidados recaía sobre as mulleres, e como di Marina «Xa logo tiñas que contratar a un camareiro para dar atendido a todo o mundo». Había que procurar ter unha boa cafeteira para ter aos convidados contentos e ademais, había que facerlles o almuerzo aos curas que ían dicir o enterro.

Marité lémbrese que a súa avoa lle ten contado que no seu tempo, cando morría alguén da casa, había que cocer unha fornada de pan. Este pan levábao unha muller nunha cesta diante do enterro. Ademais, tamén había que levar garrafóns de viño. Todo isto era o que se lles tiña que dar os curas como ofrenda.

Lolita lémbrese que en Magalofes tiña que ir unha muller cunha cesta de trigo encabezando o enterro. No momento no que no funeral o cura dicía «representa, representa», a muller tiña que levantarse, poñer a cesta na cabeza e ir ao altar maior. Era a ofrenda que se daba.

Contos de risa



Ó longo dos obradoiros foron saíndo contos de risa, anécdotas e bromas que gastaba a veciñanza entre eles para facer a vida máis levadeira. Algúns estaban relacionados con algunha celebración e outros foron historias tan sonadas, que quedaron na memoria das veciñas ata hoxe.

Recordan o divertidas que eran as caravanas dos carnavais. Ían camións e tractores pola estrada abaixo, pola Pedra do Couto, Santa Cruz e Magalofes. Genola ía diante de todo e coñecíase polas pernas. Cristinita de Mesías ía de Garda Civil e o Vitolo, o irmán de Marité, dirixía o tráfico. Outro disfraz sonado foi o de Cristina e máis Marita, que foron cunha padiola de doutoras.

No Peón, polo Carnaval, ao non haber tráfico, Juan Loureiro botaba o sermón e deixaba a herdanza para todos os veciños. Esta era unha herdanza máis ben picante: «Aos da Naveira, que lles lamban os collóns pola beira...».

No entroido non había disfraces comprados, senón que se facían cunha saba, con roupa dos avós.. Na de Prego vendían caretas. Marité lémbrese a facer un disfraz de bombona de butano.

Aínda que pareza mentira, outra celebración da que se compartiron contos de risa foron dos velorios. Mucha compartiu unha historia que contaba unha criada de Carmen, a nai de Candidita.

«Estaban velando un difunto e o piso estaba furado, entonces taban rezando o rosario e decían «por los caminantes y navegantes que dios los traiga a puerto de salvación». Os mozos abaixo cun pao enchufáronlle ao cadáver, levántase o cadáver, a xente unhas dacabalo das outras polas escaleiras abaixo...»

E Chelo, pola súa parte, compartiu unha historia que lle contou o seu home:

«Alá no pueblo del, que era alá cerca de Sada, disque había un difunto e claro velábanse na casa, e claro, as casas ben se sabía como eran. E disque colleron un gható, e disque estaban comendo nozes e dixo: collemos un gható e facémoslle unhas zocas? Despois ó outro día, disque andaba averiguando a ver quen fora, dixo «que vos van denunciar por facer eso» (...) e non fun, eu tampouco. E o gható disque a brincos, que canto máis brincaba, máis petaban as nozes».

—

Tamén se compartiron nos obradoiros varias historias de amor, e dúas delas tiñan a súa canción. Mucha lémbrese dunha canción que lle inventaron a unha muller da parroquia que tivo un romance:

*A maragata xa veu,
O maragato quedou,
E o maragatiño cativo,
Quen sabe onde o deixou?*

Os queridos do Pedrón foron dous veciños que namoraron. As familias de ambos os dous levábanse ben e de aí naceu toda a amizade, pero o problema era que el estaba casado. A xente da parroquia decidiu botar man da súa creatividade para meterse con eles:

*Escoiten veciños todos,
Escoiten esta canción
Que apareceu na Costeira
Os queridos do Peón.
Ela foi cocer ó forno,
Ó forno de Manoliño
Fixo unha bola de trigho
Pa ela e pó querido
E no muíño da Torre
Non faltou quen os mirara
Colleuno polo charruzo
Darredor da queixoada.*

Tamén na parroquia se sentiu outro conto de amoríos, cando un home se meteu na cama coa súa muller, pero estaba o querido con ela tamén. O home díxolle: María, pero moitos pés hai na cama! E ela díxolle: Pero Jesús, que pés vai haber? Teus pés, meus pés, pés do neno, meus pés. Ao que el lle contestou: Non, María non, teus pés, meus pés, pés do neno e aquí hai outros pés!

E tamén contaban un chiste que dicía: esta era unha moza que lle dixo á nai: «Encontrei a Pepe no carneiro, e meteume o pexego na man, e el a que si, e eu a que non, e case mo fixo comer á forza!». A nai respondeulle: «Aí, miña nena, xaneiro, un, febreiro dous, marzo, tres, alá polo mes de *setiembre*, xa largarás a carabuña».

A flora e a fauna

Nos tempos de antes, a relación cos animais era constante e diaria, vivindo todos dentro da mesma casa. Os animais que máis presentes estaban na vida das participantes eran as vacas, pois, como di Seni:

«Onde estaba a calefacción das casas se non eran as vacas?»

Os animais que había na casa eran sobre todo: vacas, galiñas, porcos, coellos, ovellas e cabras. A maiores, había casas nas que tamén había burro, pero era menos habitual.

Son moitas as aventuras que se contaron ao longo do obradoiro sobre os animais da casa, como é o caso de Toñito, o carneiro de Seni e Marina. A nai de Toñito xa era lista e había que vixiala cando a ían levar pastar. Antes as fabas botábanse polo medio do maízo, así que quedaban algo escondidas, pero esta cabra tiña un sexto sentido para localizalas. Estas legumes gustábanlle moito e Seni recorda que te miraba de forma desafiante, avisándote de que ía escapa; e cando menos contabas, ía papar todas as fabas que podía, pero nunca lle sentaron mal. O seu fillo Toñito era un

cabrito aventureiro, e lémbrense de que cando volvía para a casa sempre ía correndo e pasábase de largo ata o tellado da casa dos veciños, os Labradas. Tiñas que ir chamar por el, pero baixaba cando lle apetecía.

Peor fortuna pasou o carneiro que tiñan na casa de Marité para a festa. Era habitual que o levasen con eles cando lindaban as vacas para telo ben mantido, así que un día, Marité maillos seus irmáns levárono a el e ás vacas ao monte. Os nenos despreocupáronse e puxéronse a xogar e o carneiro púxose a comer centeo, pois o monte era onde estaba plantado. Tanto comeu que lle entrou a sede, e cando chegaron ao río inchouse a beber auga. Aquela noite sentírono *borear* nas cuadras e á mañá seguinte atopárono morto, pois a mestura do centeo e a auga fíxerlle rebentar a barriga. Así que ao día seguinte, alá foron o pai de Marité e máis o seu irmán camiñando ata Serantes para mercar outro para comer na festa.

Outra historia de vacas e carneiros é a das Cachonas, unhas veciñas maiores de Chelo. Elas tiñan un San Roque e un San Antonio de pao, pero o carneiro non lles debía ter moita devoción, pois, turroulle a San Roque e rompeulle un brazo. Chelo conta que este carneiro era malísimo, así que non debeu ser a única que armou.

Algo do que se acordan é de que as vacas sabían as leiras todas e de que non as había que facer traballar de máis, pois en canto comezaban a resoplar, quería dicir que xa fixeran a súa xornada de traballo, e como as forzases a seguir traballando, marchaban solas para a casa deixando a sachadora na leira, como lle pasou a Marité.

Ir lindar as vacas era unha oportunidade para ver animais distintos, pero non todos eran bos. Nunha ocasión, sendo Mucha pequena, estaba alindando as vacas pola corda, porque era polo arredor. A súa familia e máis os veciños estaban sachando o maízo, así que ela estaba facendo este traballo soa. De repente, viu saír un niño da terra do que a ela lle pareceron cadelíños e ao dicilo en alto sorprendida, a súa familia escoitouna e déronse conta de que eran *denonciñas*, ou donicelas, así que avisárona de que non lles podía tocar, pois son consideradas un animal perigoso.

Cando ías por auga tamén podías levar algunha sorpresa, como lle pasou nunha ocasión a Mucha. Lémbrese que foi á fonte do lugar de Pazos, que estaba algo enterrada. Esta tiña dúas pedras como era habitual. Mucha acostumaba a coller a auga con un cazo e cando tiña a sella chea, apareceulle unha sacabeira. Co susto, emborcou a sella, caeulle a auga e co asco que lle deu, xa non foi quen de volver coller auga. Lémbrese que foi ao lugar de Pazo onda Maruja a pedirlle auga, porque na súa casa tiña un pozo.

Outros animais que andaban ceibos que recordan na parroquia de Laraxe son o raposo, o teixón, o xabaryl, os estorniños, as golondrinas, as peghas, os merlos, as lavandeiras, o cuco ou mesmo a curuxa, que estaba habitualmente na corre. O cuco é sempre o animal máis querido, pois significaba a chegada da primavera:

*Entre marzo ou abril
Sae o cuco do cubil.*

Mais hoxe en día escóitase cantar moito menos. Outro animal que botan en falta é a curuxa, o estorniño e as lavandeiras.

As galiñas eran os animais da casa que máis liberdade tiñan, pois andaban soltas, normalmente pola eira. Lolita lémbrese que podía chegar a haber 50 ou 60 galiñas. Esta liberdade provocaba que o raposo fose un perigo para elas así que cando viñan os rapaces da parroquia intentaban matalo, e despois andaban pedindo cartos de porta en porta. Habitualmente ían cun cesto e co raposo morto e dábanlles ovos ou algo de pan a modo de aguinaldo. Martina lémbrese de que o seus irmáns acostumaban a ir «nesas trouladas» e nalgunha ocasión téñenlles dado ovos podres. Estaban podres porque ao andar as galiñas soltas polas silveiras, moitas veces poñían ovos que tardabas en atopar. Cando o facían, eses ovos ían para o raposo.

Os animais tamén eran causa de divertimento e, de feito, son os protagonistas da primeira historia que saíu ao preguntar por contos de risa. Hai xa corenta e tres anos, na celebración do primeiro aniversario da construción do campo da festa, un dos veciños levou dous galos e, estando o campo ateigado de xente, pelexáronse, esperando as risas dos veciños.



Pelea de galos
no campo da
festa

Laraxe: memoria dun século

A infancia

A infancia das participantes no obradoiro foi moi distinta e nalgunhas cousas moi semellante. Todas concordan en que o domingo pola tarde o que máis lles gustaba facer era ir xogar coas amigas e todas tiñan que axudar nos traballos da casa despois ou antes de ir á escola. Mais entre elas hai diferencias, pois Mucha, a maior do grupo, tivo mestras distintas. No caso de Seni e Marina, pasaron partes da súa nenez fora de Laraxe, pois o seu pai era de Valladolid e puxo escola en Soria, en Trazo e noutros moitos sitios. Geluca medrou no concello de San Sadurniño e veu para Laraxe xa casada, pero comparte moitas experiencias cas demais e este tamén é o caso de Josefa, que naceu en Campolongo. Marité, Martina, Fina, Lolita, Nati, e Chelo medraron en Laraxe, pero a situación en cada casa era distinta, o que fai que este capítulo esté cheo de experiencias diferentes.

Un recordo que compartiu Mucha que da boa conta das diferencias entre a infancia nos tempos de antes e nos tempos de agora é que os nenos e as nenas estaban nos arredores das leiras mentres as nais traballaban, de feito, ela lémbrese de que a levaban en paxe.

A escola era no Peón, nunha casa particular que tiña dous pisos. No piso de abaixo estaban os nenos, que tiñan un mestre,

Laraxe: memoria dun século

Don Vicente, e no de arriba as nenas, que tiñan unha mestra, Dona Dolores del Río Barro. Os mestres non se falaban entre si e isto provocou algunha anécdota. Posto que as nenas estaban no piso de arriba, a mestra mandáballes facer ximnasia para facer ruído, pois o piso era de madeira. A resposta do mestre dos nenos era darlles coa bandeira no teito para que parasen.

Malia saber que nalgunhas casas había moito traballo, as veciñas lembran que en Laraxe había que ir á escola sempre, pois a mestra era bastante estricta. Así que algunhas tiñan que ir ás seis da mañá lendar as vacas para que lles dese tempo a ir a clase.

O horario era de dez da mañá a unha do mediodía e de tres a cinco da tarde. Tiñan recreo, e de feito, lémbrense das merendas que enviaban «os Americanos». A mestra dáballes manteiga, queixo e leite en polvo e elas tiñan que levar da casa o pan. Xusto antes de saír ao recreo, a mestra preparaba a merenda e dáballa.

O primeiro libro que tiñan na escola era «o silabario» e despois tiñan «o manuscrito». Este último estaba todo escrito a pluma e era o que utilizaban para aprender a escribir con boa letra. O pai de Seni e Marina era mestre, así que lembran ben o importante que era ter unha boa caligrafía:

«Agora hai quen escribe garabatos e vállele igual, pero antes non valía». – Seni.

Os métodos de ensino antigamente eran ben distintos aos de agora, e as participantes lémbrense de algún que outro castigo que sufriron.

Nunha ocasión, inaugurábase a festa do camiñante en Barallobre e as rapazas do último grado quixeron ir e convidaron ás pequenas, entre as que estaba Marité, así que pola tarde marcharon a pé a Barallobre. Ao día seguinte tiñan que ter estudado e Marité aínda se acorda hoxe da pregunta: «Quien fué Amílcar Barca?». Acórdase que lles pegou co punteiro de sinalar no mapa. Lolita tamén se lembra de que lles daba na punta dos dedos.



Outra forma de castigalas foi deixalas encerradas a mediodía no alto da escola e marchar para a casa. Marité recorda que estaban ela, Rosita do Carteiro e Remedios. Elas non tiñan interese ningún en quedar alí, así que ataron a corda de saltar no balcón e baixaron por ela e para ir á casa comer. Á hora de volver marchar para a escola pola tarde, a súa nai díxolle a Marité: «Vai para a escola», ao que ela lle contestou «Non

vou á escola». A nai non lle deu opción, así que tivo que ir. Recorda que lles pegou nas cachas, porque se chagaban a caer, meteríase nun bo lío.

Lolita recorda que a pesar de todo, era boa mestra, pero era brava, mais ela tamén sufriu algún que outro castigo, pois lembra que lle dicía que levaba saia de pana para que non lle doese cando lle pegaba.

Outro espazo no que aprender era nas clases particulares, das que nos falou Marité. Ela lémbrese a ir aprender con Dona Dolores, que poñía escola na de Don Vicente pola noite. Tamén se lembra que custaba vinte e cinco pesetas.

Ademais de na escola, a mestra estaba presente noutros momentos da vida das participantes, pois levábaas á misa. Ela tiña unha cadeira especial na igrexa, tapizada de vermello.

Lolita lémbrese que a mestra lles ensinaba a coser e poñer botóns, actividade que case sempre facían polas tardes. Na escola tamén rezaban o rosario todos os días ás 12.

O camiño á escola era sempre andando e Mucha contounos unha das súas aventuras facendo este paseo:

«Cando íbamos á escola no inverno chovía moito e non tiña paraugas, levaba un saco, «o carapucho», e un día indo para a escola *saleume* un can moi malo chamado Delfín, e eu co medo caín no medio de moitas estrugas e como había moita lama perdín unha zoca, pero eu seguín o mesmo para a escola toda ortigada e co pé mollado.

Laraxe: memoria dun século

Naqueles anos chovía moito que se *hundían* os camiños. Chamábanse illos e nacían fontes en calquer campo.»

O camiño para ir á escola estaba cheo de lama, así que tiñan un carreiriño no valado na parte de arriba para non encherse de lama. Tiñan que ter moito coidado cos illos dos que nos falaba mucha, que eran pozas das que nacía a auga, pero que non vías ata que as pisabas.

Josefa lémbrese que a súa nai procuraba que sempre fosen á escola, e sempre o máis limpos posible, así que lles levaba a roupiña pola noite e secáballela a carón do lume para que estivese seca ao día seguinte.

Ao chegar á casa, pola tarde, ían coas vacas. Para ir merendar mentres facían este traballo, dábanlles un anaco de chocolate e outro de bolo de pan. Ao non haber reloxo, o método para avisar aos fillos para que volvesen para a casa era poñer un trapo branco nunha silveira e en canto o vías, volvías rapidamente para a casa.

Mais o método de poñer un trapo á vista para chamar a alguén non se usaba só nestes casos, senón que Martina tamén o usaba para avisar á súa prima para que fose xogar á súa casa, inda que ela usaba unha saba que sacaba pola fiestra.

—

Unha actividade que había na parroquia cando elas eran pequenas era o teatro, do que Mucha se acorda ben e ata do que conserva fotografías:

Laraxe: memoria dun século

«Na parroquia de Laraxe sobre os anos 1951-1952 facíanse varias obras de teatro dirixidas por un médico que había na parroquia, chamado D. Manuel Ferrer e a súa muller, D. Anita Deza, donde el actuaba sempre no papel principal.

Tamén fixemos dous coros. *Un somos los marineritos que venimos de Madrid.*

E o outro *somos as segadoras*. Unha levaba un atico e as demais os mollos, que se cantaba:

que trabajo nos manda el señor levantamos y volvemos agachar todo el día al aire y al sol la espigadora con su atico...

E outra das obras titulábase «El cadáver del señor García que no se levante, que si se levanta, lo mato».

Esto fíxose en varias parroquias e todo o que se recadou foi para comprar o Sagrario da igrexa e reparar o tellado, porque chovía dentro.

Todo o grupo:

D. Manuel Ferrer, D. Anita Deza, Carmen Varela, Emilia Varela, Vitoriano Varela, Antonio Mesías, Guillermo Vila, Antonio Eiroa, Luis Méndez, Juan Loureiro, Jose Saavedra, Camilo Calvo, María Amado, Carmen Eiroa, Laura Corbeira, María Mesías, Alicia Allegue, Dalia Prego, Pilar Fernández, Enrique Méndez.

Si me esquenzo algún que me perdoe, perdón por os meos erros».

As participantes lembran que tiñan moi pouca roupa, así que a que tiñan recórdana con moito cariño. Marina lémbrese que os primeiros zapatos que tivo fíxollos un zapateiro que había no Azougue en Pontedeume.

Seni falounos de que nunha ocasión o seu pai a levouna a Santa Cruz e despois tróuxoa ao cabaliño, porque estaba nevando, con tan mala sorte que chegou á súa casa, na Pedra do Couto, cunha zoca sola. As zocas tiñan uns furadiños para levalas amarradas e que non caesen, pero debéronse desamarrar e perdeu a zoca.

As zocas usábanse normalmente con carpíns, uns calcetíns con botóns. Marité lémbrese que a súa avoa lle facía medias coa lá das ovellas da casa para poñer coas zocas.

O día de estrear roupa era polo Perpetuo Socorro, polo San Lorenzo ou pola Candelaria. Marité lémbrese que lle mercaban uns zapatos dun número máis para que lle quedasen para o ano seguinte. A solución para que non lles quedasen moi frouxos era meterlle un cartón dentro. Ao ano seguinte facíanse descalzos recortando diante para que puidese saír o dedo. Nese momento comprabas uns novos e aqueles quedaban para os domingos.

Aínda que tiñan pouca roupa, ás participantes tamén lles gustaba presumir, pois cando eran nenas unha das cousas que máis lles gustaba facer os domingos era poñer a roupa nova. A maioría delas tiñan unha melena longa, que peiteaban nunha ou dúas trenzas ou nun chicho. Cando xa foron mociñas, moitas cortaron o pelo «ó garçon», creando moita polémica na casa.



Laraxe: memoria dun século

Polos Reis Magos era a ocasión na que normalmente lles regalaban algún xoguete ou unha prenda nova de vestir.

A Martina, os seus padriños sempre lle levaron os reis, así que tivo a súa primeira boneca antes que as demais.

A Geluca sempre lle levaba os reis a súa tía Josefa. Un ano, a ela leváralle unha boneca, a primeira que tivo, pero era de cartón e quedoulle fóra, así que mollouse e só lle durou unha noite.

Na casa de Seni lémbrese que habitualmente os reis traíanlles pasas ou figos, pero nunha ocasión, a ela e a Marina trouxéronlles dúas tazas cunha flor pintada e doutra vez unhas cadeas cunha medalla. Chelo acórdase de que lle regalaban calcetíns ou bragas. O habitual na casa de Marité era deixar o zapato na ventá e os reis traíanche unhas noces e unha peseta. Ela lémbrese que a primeira boneca que tivo foi con quince anos, porque se rifaba na festa e non apareceu a persoa á que lle tocou.

Posto que os Reis Magos dos seus tempos non tiñan moitos posibles, os xoguetes case sempre eran artesanais, feitos por elas. O xoguete que máis recordan cando eran nenas eran as bonecas de trapo. Mucha lémbrese que facían a cabeza con serraduras, meténdoo dentro dun anaco dun trapo, co que tamén facían o resto do corpo. Geluca, en San Sadurniño, facíaas con espigas de maínzo e unha vez que estaba a boneca feita, facíanlles os vestidos.

Pepucha lémbrese que á súa irmá, que vivía en Ferrol, lle regalaba mariquitas, ás que lles recortaba os vestidos. A avoa de Marité tamén llas mercaba en Ferrol.

Laraxe: memoria dun século

Marina lembra que de nena a súa ilusión sempre foi a costura, así que cando tiña algo de cartos, sempre compraba unha bovina de fío, porque quería ter todas as cores no seu estoxo. Lémbrese que cada bovina valía «trece chicas».

Outros xogos habituais da súa nenez eran o tejo, a chapa, saltar á corda ou o xogo do pano. Xogaban na saída que hai para a estrada xeral agora, posto que pasaban só dous coches en toda a mañá.

Os nenos facían patinetes con carozos e tirábanse pola estrada abaixo. Había algúns que incluso tiñan rodas metálicas. Outro xoguetes dos nenos eran os carros, que facían con nabos, cos que facían as rodas. Facíanlle o chideiro, as rodas, poñíanlle o eixo, a cabezalla e tiraban por el.

Cos melóns facían frutas, coa parte do tronco, da rama, facendo unha palleta. Outros materiais cos que se podían facer frutas eran co trigo ou co centeo.



Imaxes das representacións teatrais en Laraxe

Laraxe: memoria dun século

As mulleres

Posto que o obradoiro estivo composto só por mulleres, a aportación que fixeron sobre as diferencias que había na vida dun home e dunha muller foi grande. Josefa resumiu esta realidade nunha soa frase:

«A muller pensa e o home da que pensar»

Ao preguntarlle porque se dicía isto, contesta que é porque as mulleres somos máis responsables ca os homes.

Nun grupo de once mulleres, a amizade entre elas é un dos primeiros temas de conversación que saíron, e é que ter amigas era fundamental. Cando eras unha rapaciña, se non as tiñas, xa non saías da casa. Pero cando te casabas, vías ás túas amigas e ás veciñas sobre todo en momentos de traballo: nas segas, nas mallas, cando se plantaba, na fonte, no río de lavar...

Seni lémbrese que nunha ocasión foran á festa a Sillobre e o domingo quedaron en ir a Pontedeume para dar un paseo coas súas amigas. No camiño cara a Pontedeume atopou cunha veciña, que lles dixo: «xa pareceades os das voladuras». «Os das voladuras» eran vendedores ambulantes, polo que solo con esta

Laraxe: memoria dun século

anécdota xa nos conta que estaba mal visto que as mulleres saísen moito de paseo. Seni lembra que lle sentou tan mal o comentario que volveu para a casa e non foi a Pontedeume, pero nunca lle dixo nada a súa nai deste comentario.

Outro momento no que as amigas aproveitaban para verse era cando se cocía, pois normalmente cando nunha casa se cocía facía unha bola de máis e leváballe á dos veciños. De feito, Marina cóntanos que se lle escoitaba dicir á xente maior da parroquia: «Mira se son amigas que anda a bola no camiño». Marité lémbrese que na súa casa sempre cambiaban a bola cos da Naveira e na casa de Lolita cambiábase cos de Magalofes. Esta costume tamén tiña o seu sentido no contexto, porque a única forma de conseguir pan era cocéndoo ti mesma, porque tampouco había onde mercalo, e deste xeito, cando ti cocías íaslle levar unha bola á veciña, e cando cocía ela, víñacha traer a ti.

Marina lémbrese que tiña unha tía que ía levar o leite co burro e cando volvía traía cargadiño de pan para todos os veciños.

Chelo lémbrese de dúas amigas que eran solteiras e vivían soas, a un quilómetro de distancia. Elas xuntábanse todos os domingos que podían. Despois de estar toda a tarde xuntas, perdían a noción do tempo e como nos conta Chelo: «ordenaban de irse unha, porque xa era hora, pero íaa levar a outra, porque tiña medo, pero cando chegaba á casa da outra, dicíalle que non a deixaba sola, que tiña que volver con ela, que tiña medo. E así botaban toda a noite!»

A Sagrada Familia era outro pretexto para ver ás túas amigas. Esta consistía nunha caixa na que ían unhas figuras do

nenos Xesús, a Virxe María, San Xosé e unha boeta. Marité contounos como era a viaxe que facía pola parroquia: «Hoxe, por exemplo, eu lévolla a Lolita e ela tena na súa casa e ponlle unha vela e unha limosna. De alí a dous días levábaselle á outra veciña, que facía a mesma operación». No momento de entregar a Sagrada Familia na casa veciña díciase «Ave María purísima, aquí está a Sagrada Familia», ao que a persoa da casa contestaba «E nosoutros pa recibila». Aínda a día de hoxe está a Sagrada Familia no Pereiro.

Nas casas nas que tanto o home como a muller se adicaban á labranza, o home ía á feira e a muller quedaba na casa, pero cando o home traballaba fóra, en Astano, por exemplo, as mulleres ían á feira en grupo. Mais cando as mulleres ían á feira, ían para vender: ovos, cereixas, legumes... Se había que mercar un tenreiro ou un porco, tiña que ir o marido.

Os homes, ademais de ir á feira, aproveitaban para ir ás tabernas, cousa que as mulleres non podían facer. De feito, Lolita deunos un dato moi importante que nos fai reflexionar sobre a arquitectura nas cidades nas que había feiras importantes: «E porque había tantos váteres públicos? Porque as mulleres non podían entrar solas nos cafés».

Chelo conta que facía negocio cando ía á feira, pois a súa nai sempre a mandaba a vender os polos e dicía que lle daban menos cartos dos que en realidade gañara. A cousa é que lle gustaban moito os pendentos de clip (tiña que usar destes porque non ten buratos nas orellas) e era rara a feira na que non mercase uns. Na feira tamén acostumaba a mercar cancioneros e historias que se vendían. Mucha lémbrese

dunha destas historias cantadas da feira. Era unha nena enferma, que estaba na cama, e dicíalle á nai:

*No se que tienen, madre, las flores del camposanto
Que cuando las mueve el viento, parece que están llorando
Oh, que noche tan clara, tantas estrellas,
ábreme la ventana, madre, que quiero verlas
No, hija mía, que el frío de la noche, daño te haría.*

Moitos destes eran historias das que despois facían unha canción. Eran moi famosos o Gaiteiro de Lugo ou o Zaragozano. Traían as lúas, cando sementar, cando recoller a colleita... «Non acertaba nada, pero ti compráballo igual», comenta Marité sobre estas publicacións.

Na feira tamén había un señor que tiña un paxariño. Convidábante a ir dicindo «Ven a la suerte, la suerte para la joven!», así que ías alí, dábaslle un real ou dous e o paxariño, normalmente un canario, collía un papel no que poñía «Te vas a enamorar» ou calquera outra cousa boa e ti ías contenta para a casa.

—

Un oficio exclusivamente feminino era o de parteira, que estivo dentro da familia de varias das participantes: a avoa de Martina, Susana da Naveira; a avoa de Marité, Socorro da Prega; e a nai de Mucha, Antonia do Duque, foron as parteiras da parroquia. Ademais, a nai de Mucha tamén axudaba a parir aos animais.

Era habitual que as mulleres parisen de pé e Marité conta que a súa nai pariu varias veces na cociña. Despois de parir, lavábanse a nai e o fillo e ían para a cama os dous. As participantes lembran que na xeración anterior a elas cando nacían os nenos, nin os pequenos nin as nais podían saír da casa, tiñan que estar a escuras. Martina lémbrese que para as mulleres que acababan de dar a luz, era habitual que lles cocesen unha galiña e lles desen a sustancia. A galiña, comíana os homes. Ademais, os homes tamén bebían o Sanson. De feito, había un dito para esta situación: «ti pariches, eu parín, tajada pa ti, tajada pa min».

Ás mulleres que acababan de dar a luz tamén se lles levaba chocolate. Mais sobre esta dieta, Martina cóntanos que o médico que a atendeu cando tivo aos seus dous fillos non lle recomendou nin beber o Sanson, nin comer o chocolate.

A pesar de que as mulleres tiñan toda esta sabedoría sobre como traer aos nenos ao mundo, ás máis pequenas da casa non lles explicaban nin a anatomía feminina nin o seu funcionamento. De feito, á hora de falar de «cousas de adultos», os maiores da casa dicían «hai roupa a clareo», avisando de que estaban os máis pequenos preto e podían escoitar.

O único xeito de saber en que consistía o sexo era ter un amigo ou amiga máis experto, que era quen che contaba de que ía a cousa. Seni lémbrese a escoitar de nena unha conversa aos adultos da casa, na que comentaban que unha muller se ía casar porque estaba «en cinta», e como ela non sabía o que era, preguntou o que era «estar en cinta», e dixéronlle que era poñerlle un lazo no pelo.

A chegada da pubertade tamén era un tema tabú, de feito, Marité, lémbrese que lle veu a regla aos once anos e volveu para a casa da escola chorando da do susto, porque non lle explicaran o que era.

Antigamente, medrar nunha casa sendo neno ou sendo nena era moi diferente e sobre este tema, Martina compartiu a súa experiencia:

«A diferenza entre eu e os meus irmáns foi que eles todos aprenderon un oficio e a min non me mandaron. Eu quería aprender a coser e díxome mamá estas palabras ‘Vou cansada da casa e máis de fora’. Ela traballaba fora, nas leiras e máis na casa, e eramos sete ou oito. E non fun aprender, pero non estou apesurada, porque lle axudei a ela.

Pero meus irmás sempre axudaron na casa. Naqueles tempos facían as camas, fregaban e pasaban o ferro.

O meu irmán maior ensinome a min a facer de comer. Eu tiña unha melena enorme e se ían para a escola e non estaba mamá, peiteábame el. O segundo, Moncho, levábame para xunto del e pasaba o ferro. Eles facían as camas deles».

Mais Martina sabe a sorte que tivo, porque as mulleres andaban nas terras traballando e a ela non lle tocou. Porén, Marité lémbrese moito dos traballiños que pasou, de feito ata dixo «dóeme o lombo aínda hoxe!».

As obrigas que tiveron na vida as participantes e as poucas opcións que tiveron en moitas ocasións, provocan algunha das limitacións que teñen hoxe en día, sobre todo de transporte. Marina non sacou o carné de conducir porque o tiña o seu marido e, como di ela «Pa dicir a verdade, non me chamou nunca moito. Hoxe en día el non pode conducir e eu miro para o coche».

—

Mais non pode rematar este capítulo sen recordar a unha boa muller da parroquia. Mucha naceu e viviu na casa de Amalia Bouza, máis coñecida como a Vinculeira. Ela recórdaa con moito agarimo, pois refuxiábanse na súa casa cando pasaban as tropas. Tanto ela coma o seu marido eran de boa familia, de feito cóntanos que era unha das damas antigas. Amalia deixou catro fillos, todos de bo corazón, como o da súa nai: José Ignacio, Conchita, Amalucha e Rosita Paz Bouza.

Os traballos



Asunción Pérez e a señora Petra.

«Na miña familia foron moi esclavas, como moitas máis. As mulleres, cavaron con picañas no monte pa sementar o centeo, e araban co arado de ferro e pa levalo pa outra leira levábano na cabeza e máis o gradón.

Foron picar o morrillo cando se filo a carretera, e carretábano en cestas na cabeza.»

Este recorde que Mucha trouxo por escrito a un dos obradoiros resume moi ben a dureza dos traballos antigamente, sobre todo os que tiveron que facer as mulleres que precederon ás participantes.

Case todas as participantes adicáronse aos coidados: criar fillos e coidar aos maiores da casa, tanto dos seus pais coma dos pais dos seus maridos. Mais os traballos comezaron xa antes de que se casasen. Os pais da moitas das participantes traballaban en Astano, pois neste estaleiro chegou a haber quince mil homes traballando. Posto que se seguía traballando a terra, o coidado da casa e as tarefas agrícolas recaía nas súas nais, a quen elas tiñan que axudar. Este é o caso da familia de Martina, onde o pai andivo nas madeiras ata que comezou en Astano, lugar onde traballou ata que se xubilou. Como ela mesma conta, a súa nai estivo na casa parindo e criando fillos.

As participantes lembran que as casas que se fixeron foron cos cartos que se gañaron en Astano.

Seni lémbrese de cando o seu veciño Andrés traballaba en Astano e non había cambio de hora, así que antes de entrar a traballar, ás oito, xa lle deixaba o maíno arado á nai para que ela puidese ir sachalo. Despois disto, aínda ían para Astano traballar todo o día.

Para chegar a Astano as opcións eran ir a pé a coller a lancha de Maniños ou ir en bicicleta. As participantes contan que no inverno, que saían ás sete, vías pasar as bicicletas todas.

Tamén compartiron as dificultades de que as terras que traballabas non fosen túas, pois tiñas que darlle ao dono a terceira parte do que collías. Isto aplicábase a todas as colleitas: maíno, trigo, fabas... No monte, cando limpabas os toxos e todo, os homes ían cortar a leña, facían tres moreas e o dono ía escoller a que quería. Despois había que chamar aos carreiros para que lles levasen a leña aos *señoritos* a Pontedeume.

Por suposto, as participantes recordan tamén os traballos comunitarios, sobre todo a esfolla e a malla. A esfolla máis longa era a da casa de Prego, onde se botaba a noite enteira e chegaba a haber vinte persoas. Para quentar o corpo mentres traballaban, facían chocolate en po e castañas asadas. O que máis lembran das esfollas eran as raíñas, as espigas vermellas. Cando che tocaba unha destas, podías abrazarte a alguén. Pero como apunta Mucha: «Aproveitábase, non se abrazaba, aproveitábase! E apagaban a luz para arrolar na folla!»

Daquela non era coma hoxe, antes había carros e carros de maíno e carretabas todo o día nel.

A xente maior aproveitaba a folla de dentro, a blanquiña, cortábaa e facían para todo o ano colchóns chamados «xergóns». Sobre os colchóns de antano, compartiu Mucha unha cronoloxía:

«Na miña infancia os colchóns eran de folla de maíno, chamábanse «xarjós», tamén había algúns de lana e as almofadas tamén eran de *lana* das ovellas, despois veu a virutilla, máis tarde os trozos de espuma que se chamaba espuma de *nailo*, logo viñeron os de espuma de *plancha*, chamábase así porque eran de unha peza, despois os de *muelles*, que se clababan na espalda algúns, non todos, logo os de lates, e os de flex, agora son de moitas marcas.»

A malla era outro dos traballos comunitarios máis recordados polo traballo que daba e pola xente que se xuntaba. Recordan que viña a máquina, o motor e a limpadora e as vacas carretábanas dunha casa para a outra. Na casa de Lolita a máquina tocaba ás sete da mañá para chamar á xente. Había que poñer o palleiro, cortar os mollos... e dende as sete, chegabas a saír da casa ás dúas da tarde. Como premio dábanche unha copiña de caña ou de *gharnacha*. Sobre esta bebida, que habitualmente se lles daba ás mulleres, hai discrepancias no grupo, pois algunhas das participantes comentan que era unha mestura de caña con anís e outras din que levaba viño doce.

Malia todo, recordan que nas mallas se pasaba moi ben. Cando che tocaba estar na limpadora para recoller tragabas

moita suciedade, pero despois bebías unha copíña de *gharnacha* e ía limpando todo.

Marité lémbrese que cando se tiña todo preparado para coller as patacas, había que collelas aínda que chovese. Nunha ocasión, tendo a comida feita e os xornaleiros que ían axudar avisados, comezou a chover e tocoulles apañalas cun saco ao caparucho, todos mollados.

Cando chegaron á casa a súa avoa tíñalles un pote de auga fervendo que lles botaban nun balde das vacas lavado ou nun da roupa. Levábanse, mudábanse e ían ao baile a Limodre. Para poder ver durante o camiño, como non había alumeamento público, o seu pai facíalles un pachuzo e ían polo camiño dos Chaos. Porque, por suposto, que foses de festa non te quitaba de traballar ao día seguinte.

Mucha lémbrese de que o ano antes de casar foi á festa ás Neves co seu futuro marido e volveu da festa a pé co resto de amigos e amigas ás catro da mañá. Ás seis a súa nai chamouna para ir mallar na aira. Recorda que estaban tan cansadas que se arribaban ás paredes para toquar.

Marité lémbrese de que na súa casa, o día despois da festa de Barallobre, tiñan que ir segar, xa que o seu pai libraba no traballo. Ela e os seus irmáns chegaron á casa e había un garrafón de viño para os que ían segar e unha pota de carne asada. Ao chegar de camiñar tiñan tanta fame que comeron todo e beberon o viño e foron para a cama ás catro da mañá. Ás seis da mañá chamounos o seu pai para ir segar. Foron segar 16 ferrados e mentres traballaban, chegou a súa nai a

berros dicindo que roubaran a comida, que ía xente segar tamén e non había comida para darlles. Pero esta historia tivo final feliz, pois aos que foron segar fixéronlles tortillas e para eles, a súa avoa tíñalles pucheiros de leite callado. Comérono e deitáronse debaixo das árbores ata as cinco da tarde. Despois volveron segar outra vez, ao chegar á casa laváronse no balde da vaca ou na da roupa e despois volveron para Barallobre á festa. Xa o dicía Marité: «Cansado estabas muchísimo, pero pasábalo...!»

As participantes tamén se lembran de cando se foi deixando de traballar a terra, sendo Celsa e máis Lolo a primeira familia que o fixo. Andrés de Naveira era quen poñía os palleiros en Laraxe e tamén o que mataba os porcos. Foi unha das últimas persoas que quedou que traballaba a terra. O irmán de Marité, Evaristo, tamén seguiu traballando nas leiras ao volver de traballar.

—

Ademais de labradores e traballadores de Astano, en Laraxe tamén había un zapateiro, Germán; un ferreiro, Arturo, que tiña unha forxa; Martina tiña dous tíos carpinteiros, Manolo e Andrés (este é un oficio que segue na familia); e por último, o avó de Mucha facía cestos, paxes e caínzos.

Un traballo que se facía na casa era esquilmar as ovellas e coa lá que se obtiña, facíanse os carpíns para poñer as zocas. Josefa lémbrese a rapar moitas veces as súas ovellas, pois a súa nai tiña unha máquina de madeira, onde metían a lá e xa saía directamente o fío.

As parrocheiras collían o peixe no peirao de Pontedeume e levábano nun cesto na cabeza. Non o cobraban con cartos, senón que normalmente intercambiaban o produto por touciño, pan, patacas, maínzo... Elas viñan dende Pontedeume e ían polas casas, chegando a ir ata Monfero, ao alto de Xestoso.

Sobre as leiteiras contan que eran moi esclavas e Chelo sabeo ben, pois a súa nai foi unha delas. Entre risas, contan que tiña unha empresa. Inicialmente ían todas as mañás a Maniños cargadas co leite na cesta, pero despois, entre varias compañeiras, mercaron un burro para ir máis lixeiras. Seni lémbrese que a súa tía Adelaida de Santa Cruz ía ata o Seixo co leite na cabeza.

Laraxe: memoria dun século

Os remedios e os saberes

A sabedoría popular estivo sempre presente nos obradoiros e non só a das participantes, senón tamén a das súas nais. Como por exemplo a das avoas de Marité ou de Martina, que eran parteiras, así como a nai de de Mucha. O feito de que non houbera unha sanidade pública e de que o médico fose de pago facía que fose a propia veciñanza a que curase as distintas enfermidades, asistise nos partos ou incluso quitase as moas. Os remedios que se compartiron nos obradoiros non están contrastados, mais, conscientes da importancia que tiveron ao longo das vidas das participantes, decidimos incluílos.

De feito, como nos contou Geluca, cando alguén enfermaba e tiña que ir ao hospital, era moi mal síntoma, xa case se pensaba que ía morrer. Marité reforzou esta idea compartindo a historia de cando o seu irmán caeu e se mancou moito no pescozo, tanto que tiñan que ir ao hospital urxentemente, pero non tiñan como levalo; así que tiveron que ir con el no coche de liña. A outra alternativa para poder ir ao médico era pedirlle a Prego que te levase, pois era o único que tiña coche na parroquia.

Un feito que resume esta situación foi «O milagre de Laraxe», que sucedeu no ano 1928. Non foi moi milagre como tal,

Laraxe: memoria dun século

pero ao mesmo tempo si. Trátase dunha muller que deu a luz a trixemelgos, dous nenos e unha nena, parto no que sobreviviron tanto a nai coma os tres pequenos, algo moi raro para o momento. As avoas de Martina e Marité foron as que atenderon este parto, xunto co médico que había en Laraxe nese momento. Marité recorda que, ao dicirlle que había que sacar a un bebé máis, lle dixo «Yo con dos cuento, pero con tres no!»

A nai de Mucha, Antonia do Duque, era quen curaba moitas das enfermidades: as lombrices, a rosa e máis a ghafadura. Esta última era a picadura dun bicho, normalmente dunha araña.

Marité lémbrese que lle foi matar as miñocas á súa filla de pequena. Estando espida, púxolle uns carabullos na barriga e díxolle unhas palabras e a nena curouse.

Mucha lémbrese das palabras que había que dicir para quitar o mal da rosa, hoxe coñecido como «rosácea». Esta chamábase a «Bendición da rosa»:

*Quien es usted, señora?
Soy una rosa venenosa que bebo la sangre y chupo los huesos
Voy a mandar un rayo del cielo que te queme, que te abrase
No me mandes un rayo del cielo que me queme ni me abrase
Mátame con la mano llana, que me derretiré como el sal
[en el agua]*

Conta Marité que despois de recitar estas palabras, «botábache unha pedra de sal, que che laiaba que vías o sol, as estrelas y a su madre!»

Outra enfermidade que tiñan habitualmente os nenos e sobre a que se compartiu o remedio foi a tos ferina, unha tos persistente. Martina conta que se lles levaba a un pino no que se vise o mar e tiñan que dar voltas arredor del. Alí, tíñanse que dicir unhas palabras, das que Martina se acorda dun cacho: «tos ferina, vaite á pina, e na pina, vaite ó mar». Despois rezábase un Padre Nuestro e unha Ave María e dicíase «nin é co meu poder, nin coa miña sabedoría, é co poder de Dios e da Virxe María».

A ictericia era unha enfermidade na que a cara e os ollos se che poñían amarelos. Para quitala, había que recitar unhas palabras, das que se lembra Chelo:

*Teriza aterizada,
Branca, negra, verde, amarilla, manchega, encarnada,
quítate dos huesos de Fulano de tal,
vaite a unha fonte pena
onde non crezas nin soezas
nin cousa que a ti te paza que te apareza,
non é pola miña sabiduría,
que é polo poder de Dios e da Virgen María.
Un Padre nuestro e unha Ave María.*

Para curar as escordaduras o habitual era ir ao compostor. Dionisio era o de Laraxe e o Jata Jata era de Cabanas. Este último tiña moita fama e ía velo xente dende moi lonxe. Recordan que facía moitos unguentos con miñocas. No caso de Dionisio, curábache unha man ou un pé que tiñas mal. Un dos exercicios que adoitaba mandar facer era arrolar o pé cun carozo.

Unha muller que recordan que sabía moito de plantas era a tía Dolores, que nunha ocasión lle atopou a Marina cicuta para poder curar a súa filla. Con estas herbas facíanse cataplasmas, que lle aplicaba, neste caso, nos bultos que lle saíran.

Marina tamén nos contou que nunha ocasión a súa irmá maior estaba moi enferma, delirando, e foron buscar remedio onda a tía Dolores. Ela tiña un libro con información sobre as herbas e aconselloulle un remedio. Díxolles «Eu dábache unha medicina, pero non lla has querer facer». O primeiro consello que lles deu foi lavar á nena con auga case fría polas mañás, cousa que a nai de Marina fixo, pero con baldes de auga, pois as duchas e as bañeiras aínda non chegaran á súa casa.

Outras persoas que se mencionaron que sabían moito de herbas coas que facer menciñas foron Herminia da Barreira, que tiña un libro das plantas, e Rebastiano e Manuela.

As crenzas

O mal de ollo, as meigas e a Santa Compañía tamén se mencionaron ao longo dos obradoiros.

O marco de San Lorenzo foi o primeiro lugar que se mencionou ao falar deste tema. Esta capela ten moita devoción porque se di que San Lorenzo foi andando ata ela. Resulta que esta capela está no límite entre catro parroquias. Nun momento dado caeu e todas as parroquias a reclamaron como súa pero, segundo a lenda, San Lorenzo foi camiñando ata Laraxe.

As participantes contan a verdadeira historia, que foi que ao caer levaron ao santo para Limodre, pero como a veciñanza lle tiña tanta devoción, movérono e trouxérono a rastro, poñéndoo na porta da igrexa. A xente criu que fora o santo quen fora andando, porque traía os pés sucios.

Arredor de San Lorenzo hai outros dous lugares sobre os que se contaron historias: o marco de San Lorenzo e o sarcófago.

O marco de San Lorenzo é unha pedra moi grande e a xente leváballe bragas, suxeitadores, calzoncillos, cartos... en función do que pediras, lévaslle unha cousa ou outra. Por exemplo, para quedar embazada había que levar bragas. Se lle

querías mal a un veciño levabas unha roupa que lle roubases e dicías: «que o coma o demo!». Para que funcionase o que lle pedías ao santo tiñas que dar voltas arredor del, así que estaba todo enlamado.

Para que o que lle pedías ao santo se cumprise, tiñas que ir sen falar e volver tamén sen falar e se rompías o voto de silencio, xa non se cumpría o que lle pediras.

Para demostrar o poder de San Lorenzo, as participantes compartiron a historia dun home que pasou polo marco de San Lorenzo e como había cartos, colleunos, e despois atopouse mal do estómago. Dicían que era por collerlle os cartos ao santo.

O misterio arredor do sarcófago que hai debaixo da igrexa é que sempre ten a mesma cantidade de auga e nunca podrece. Este está feito de cantería e non se sabe por onde entra a auga.

Outra costume arredor dos santos é a de San Antonio. San Antonio era o patrón dos animais, pero tamén había o San Antonio casamenteiro, que é o que se celebra o trece de xullo. Por tanto, era habitual que as mulleres que querían casar, lle pedisen a este santo un bo home. Nunha ocasión, unha muller que ía á igrexa sempre pediulle a San Antonio: «San Antoniño bendito, dame un bon home, anque me mate, anque me esfole». O sancristán oíuna, e díxolle ao cura que se puxese detrás do santo e que imitando a voz dun neno, dixese «aínda non é hora», e así o fixo cando o volveu a pedir, pero a muller decatouse e contestoulle: «cala ti, merdeiro de merda, que aínda teu pai non falou».

Se te cruzabas con alguén que ía acompañado dun animal, xa fose unha vaca ou unha ovella, había que dicir «Bos días, San Antonio». Marina lémbrese que había xente que non lle parecía ben. E incluso se dicía que se non o dicías, podías coller o mal de ollo.

Outro momento no que podía coller o mal de ollo era se mirabas para atrás no momento do alzar da misa.

Marité contounos que cando dous dos seus irmáns eran pequenos, un deles estaba moi sano, pero o outro non medraba e non paraba de chorar. Leváronos ao médico e dixéronlles que estaban igual de sanos os dous, pero unha muller, ao velo, preguntoulle se lle dera sal a alguén por enriba da porta. E resulta que ese era o problema, porque esta era unha das formas nas que podías coller o mal de ollo. Para solucionalo, cunha gorra do pai do neno e dicindo unhas palabras, a señora, quitoulle o mal de ollo.

Mucha lémbrese que antigamente viñan moitas xitanas que che lían o futuro e quitaban o mal de ollo. Un día, estando ela e mais a súa tía solas, foi e pediulle unha saba e un pano de seda da cabeza. Pediulle brasas e un tazón e ela meteunas dentro, dixo unhas palabras, botou unha presa de sal nas brasas e mentres recitaba as palabras, fíxose unha espuma. A Mucha deulle unha cousa pequena e díxolle que a levase consigo nove días e pasado o tempo, tiña que tirala nun terreo alleo.

Sobre a Santa Compañía, contouse que era un morto que se levantaba, pero as historias que se compartiron sobre ela

foron máis de risa que de medo. Marité lémbrese que nunha ocasión, ela mais a súa avoa viñan da casa dunha tía dela. Escoitaron unha campá e díxolle á súa avoa: «Ten conta, que pode ser a Santa Compañía», así que esperaron a que pasase a Santa Compañía. E que era? O cura e máis o sancristán, que ían darlle a extrema unción a un enfermo.

Os xitanos acampaban durante a festa do San Lourenzo polos arredores da igrexa. Seni lémbrese que nunha ocasión a súa nai ía coller a lancha a Maniños e escoitou un ruído. Unha persoa que ía con ela dixo «Ai, Dios mío, non será a Santa Compañía?» Ao que a nai de Seni contestou: «Pois eu se é non me volvo, que se vou á casa avisar a meu home, perdo a lancha». Foi pola beira e seguiu. Ía cargada e tivo que pasar polas curvas e escoitaba un ruído que facía «tilín, tilín». Eran os cabalos dos xitanos, que cando levantaban a cabeza facían o ruído. A súa nai contoulle que levaba o corazón nun puño.

Cando volvías de noite, ao non haber alumeamento, calquera cousa che parecía a Santa Compañía. Nunha ocasión o Gharrafís viña borracho da casa de Miluca a cabalo e sentiu que o agarraban polas costas, así que el dicía (sen mirar cara atrás): «deixádeme, que eu non lle fixen mal a nadie», e pola mañá, cando espertou, resulta que era unha silva!

Por último, sobre as meigas, mencionouse o libro de San Ciprián, que disque no tempo dos escapados o tiña unha veciña da parroquia que andaba facendo o mal. Para intentar solucionar esta situación un dos escapados rouboullo, coa intención de que mellorasen as cousas.

A guerra e as súas consecuencias

A guerra e a posguerra foron tempos complicados en toda España e tamén en Laraxe. Os pais de moitas das participantes tiveron que loitar e as nais delas tiveron que traballar o dobre para sacar a familia adiante. Mucha foi a única que viviu este período e lémbrese de que cando había bombardeos, aos que vivían onda o Peón, subíanos para Relousada e os demais refuxiábanse nunha placa fundida. Cando pasaban as tropas pola estrada, tiñan medo que puidese pasar algo e a xente recollíase. Neste recordo fálanos da fame que pasou nese período:

«No tempo da guerra foi moi duro. Na nosa casa non se pasaba fame porque se traballaba moito, que tiñan vacas, porcos e galiñas. Recordo que na tenda da señora Emilia daban o pan da ración. Era un cacho de broa para cada casa.»

A Guerra Civil foi importante na vida de Marina e de Seni. Os seus pais coñecéronse en Madrid, mentres o seu pai estaba estudando e súa nai traballando. Cando comezaron a saír estalou a guerra e botaron tres anos sen verse. A súa nai quedou atrapada en Madrid, pois non podía volver para

Galicia e case nin escribir. Ó rematar a guerra, volvéronse atopar e casáronse, pero en Madrid naqueles tempos estaba todo desbaratado, así que decidiron volverse, porque en Galicia polo menos había unhas pataquiñas para comer. O seu pai era mestre, así que estivo en Trazo poñendo escola, momento no que naceu Marina. Pero por motivo do seu traballo, a familia viviu en lugares diferentes. Estivo poñendo escola en Serantes, en Cabanas, foi escribinte no concello de Cabanas moito tempo...

Ao ser mestres da guerra, non fixeron as oposicións, pero posteriormente saíu unha orde pola que tiveron que facer o exame todos os mestres dese momento. Despois saíu en efectivo e xa non quixo estar máis aquí, porque estaba farto de andar dun lado para outro, así que marcharon para Soria.

Case todos os pais e veciños da parroquia de Laraxe tiveron que ir loitar, como é o caso do pai de Martina, que viviu a batalla do Ebro, da que dixo que fora moi dura, con bombardeos constantes.

«En plena guerra meo padriño foi un heroe, pois no medio de un bombardeo veu un veciño tirado no campo e el foi e colleuno ao lombo e escapou con el e salváronse os dous».

Mucha contounos así a experiencia na guerra do seu Padriño, como tamén fixo Lolita sobre o seu pai, Prego. El tamén estivo na guerra, porque lle levaban o camiión, así que foi el tamén. Nunha batalla na que lle tocou estar había mortos e el viu que un se movía, así que baixou do coche e levouno a un hospital, pois era compañeiro. Resulta que ese home era un alto cargo

que ía a Mugar dos todos os veráns. Lolita lembra que sempre lle estivo moi agradecido por telo salvado.

Marina compartiu con nós unha historia que contaba o seu tío Gabriel do Salto, que estivo na guerra, combatindo na batalla do Ebro. Contan que se meteu nunha *vaghoada* porque lle acababa de nacer un fillo e non tiña quen lle plantase as patacas, así que decidiu volverse para Santa Cruz no tren. No tren coincidiu con Evaristo de Relousada, que volvía porque estaba ferido. Finalmente, puxo as patacas e volveu para a guerra. Cando chegou alí, comandante preguntoulle onde estivera e díxolle que se desorientara e que andivera perdido. Para celebralo, mandoulle ir buscar unha garrafa de viño para celebralo e deixoulle un arma para evitar que o tirasen á barricada de viño. Ao chegar á bodega, meteulle un tiro á barricada e colleu o viño de aí. Marina e Seni acórdanse de que cando eran nenas, polo San Lorenzo, sempre lle preguntaban por ese conto ao seu tío porque lles gustaba moito como o contaba.

Mentres Marina nos contaba esta historia, Martina xa sospeitaba que había máis parte de lenda que de certo no que lle contaran a Marina e ao contrastar a historia con Aquilino, o seu sobriño, confirmounos que había algo de fantasía nesta historia. Mais así funciona a memoria e a historia oral, pois cada persoa viviu a súa propia experiencia. E no caso de feitos de tanto sufrimento como os da Guerra Civil, o paso do tempo vai moldeando estes recordos.

Mais na guerra non só houbo violencia pola parte do bando nacional, pois no Pazo da Marquesa, que está indo cara a Seselle, cando comezou a guerra, xente do bando republicano

matou á propia Marquesa, ó marido e ó cura entre outros, e deixáronos postos enriba dos caínzos.

As veciñas cóntannos que era habitual que trouxesen aos homes en camións para fusilalos ao cemiterio de Laraxe, pola parte de fóra. Síntoma disto é que por moito que o pintan, as marcas negras dos balazos sempre acaban notándose. Despois de matalos, botábanos pola parede para dentro. Geluca é de San Sadurniño, pero sempre sentiu que ó seu avó o mataran en Laraxe despois de estar preso no cárcere en Pontedeume.

O pai de Marité non foi á guerra, pero mandáronlle ir cavar ás estradas en compensación. Lembra que na súa casa foron tempos moi duros, pois a súa nai e a súa avoa tiveron que traballar nas leiras para que os seus cinco fillos puidesen levar algo á boca. Lembra que lle deron unha tunda tan grande que se lle pegaba a camiseta.

Así que era malo tanto ir á guerra coma non ir pois, como di Geluca:

«Íanche quitando o pelexo pouco a pouco».

A guerra tamén provocou mal de amores na parroquia. É o caso dun home que tivo que ir loitar e dérono por morto, porque botou moito tempo sen mandar cartas nin mandar noticia. Resulta que este rapaz tiña moza e pediulle a un amigo que mirase por ela mentres foi loitar. Mais a amizade foise tornando en amor e o amigo e maila moza remataron

por casar. Finalmente, o rapaz que fora á guerra non estaba morto, e cando volveu a Laraxe atopou ao seu amigo casado coa súa moza.

—

Despois da guerra, no tempo dos escapados, a situación non mellorou, pois as veciñas recordan que era un veciño contra outro. Nun dos seus textos, Mucha conta a inseguridade que sufría a xente:

«A guardia civil naquela época abusaba do mando por calquera cousa poñían a man encima, non todos os que se quedaban na nosa casa, sempre aconsellaban a meus irmáns: cando sintades ‘alto a la guardia civil’ quedade quietos, non vos movades, polo perigo que podía ocorrer».

«Había escapados malos e había escapados polas ideas». Á hora de falarnos dos escapados, das persoas que tiveron que fuxir das súas casas durante a Guerra Civil e a ditadura Franquista, as participantes fan esta diferenciación.

Chelo lémbrese que cando ela tería once anos, alá polo 1947, que seu pai, José Díaz, estivo no cárcere porque houbera unha bomba na liña de alta tensión do Tambre. Na parroquia sentiuse a explosión, pero a xente calou, porque xa sabían que era cousa da guerra. Mais de alí a dous días foron os gardas a buscalos. Primeiro leváronos para Fene e despois para Ferrol e tiveron que estar seis meses no cárcere. Só por iso, por non avisar. Chelo lémbrese que ela e máis a súa nai foron a Ferrol levarlle comida ao seu pai e cando a viu botouse a chorar.

Pero, polo que conta Chelo, os demais estaban contentos, porque era tempo de traballo e alí descansaban. O habitual non era que lles deixasen pasar comida, pero a nai de Chelo tiña amizade coa leiteira que lle levaba o leite a un dos xefes, Don Simón, así que lle deixaba levarlle comida, pois o seu pai estaba enfermo. Finalmente non estiveron os seis meses no cárcere, gracias a un señor que estaba casado en Ferrol.

A historia que conta Marina pode dar un pouco de explicación ás explosións como as que menciona Chelo. Un tío dela era poceiro e ía solicitar a dinamita para facer os pozos. Os escapados sabían cando a ía solicitar, así que á noite íanlla pedir. El tiña que dállela, porque senón liquidábano, pero tamén tiña que dar parte á Garda Civil. Tan acurrulado estaba que tivo que marchar a Venezuela, porque senón ía chegar un día no que o ían matar por estar no medio deste lume cruzado.

«No tempo dos escapados polos montes teño algún recordo, porque me tocou na familia e algúns estiveron presos no castillo da Palma, e un veciño da parroquia estaba na corte tapado con estrume e cando viñan as cuñadas iban mexar á corte e caía todo por el. A muller apareceu preñada e os guardias non salían da porta e tamén recordo, sendo xa mociña os guardias facían o recorrido polas noites e albergábanse na nosa casa moitas noites, e dormían na cociña.»

A nai de Marina era cociñeira e foi facer de comer a unha voda. Para cociñar nunha voda íase a véspera, pois a festa facíase na casa da noiva, así que había que ir con tempo para

facer os callos e todo. Así que a súa familia xa non contaba con ela. Pero de repente, apareceu de volta na casa no medio da noite. A explicación que lles deu no momento foi «E, houbo que virse». O que pasou foi que chegaron os escapados, meteron a comida, as biscoitadas e todo, en sacos e non deixaron nada na casa. Desafiáronos que non podían dicir nada, así que por medo a que lles fixesen algo ás súas fillas, a nai de Marina e de Seni calou.

A Marina tamén lle tocou a posguerra na familia, pero neste caso na do seu marido. Recorda que ao seu sogro lle queimaron o palleiro varias veces, así que a súa cadela aprendeu a ladrar de xeito distinto en función de quen fose á casa. Nunha ocasión intentaron matala, pero houbo sorte e a bala quedou na porta. Marina conta que o seu home pasou tanto demo de neno, por vivir estes momentos, que pestanexaba cos nervios. Conta Marina que agora, de maior, cando eses tempos xa quedaron lonxe, foi cando deixou de pestanexar.

Marité compartiu unha historia dun fusilamento, que presenciou a señora Socorro ao pasar polo fialato de Pontedeume. Ao ver o que estaba a piques de pasar, ela preguntoulles que facían, pero intimidándoa, mandáronlle marchar.

Despois da guerra houbo o Ano da fame, e non había colleitas nin comida, porque os homes ou morreran ou foran á guerra, polo tanto non se puido plantar. Non houbo trigo, nin patacas, nin semente. Así que cada quen intentaba arranxar como podía para levar algo á boca. Mucha lémbrese que a súa nai cambiaba botellas de aceite na praza en Ferrol.

Ao pai de Marité dábanlle a ración en Astano, pois traballaba alí. Con ela correspondíalle aceite e máis cousas a baixo prezo. Ela recorda que lle tiñan que dar con un martelo á fariña para poder desfacela. A súa avoa ía cunha cestiña ata San Martiño de Junte e dicía que non tiña nada e cambiábanlle pan polo que levaba, que normalmente eran lentellas ou outras legumes.

Mais os escapados, que tiveran que fuxir ao monte polas súas ideas, tamén tiñan que darlles comer aos seus fillos. As participantes lémbrense de que un de Ferrol se vestía de muller para poder facer a compra para os seus fillos, pero remataron por descubrilos.

Houbo quen se aproveitou da situación de fame e pobreza. Contan que os ricos, durante a guerra, cambiaban un ferrado de terra pola semente dun ferrado de pan. Pois, como non se puidera plantar nada, non había que sementar.

Durante a guerra tamén houbo historias de mulleres bravas, que compartiu Martina. O seu pai, o dunha tía súa e o de Chelo estaban na guerra, así que a elas correspondíalles un subsidio, pero non llelo estaban pagando. A nai de Martina, Maruja da Naveira ordenou de ir reclamar estes cartos ao gobernador á Coruña, así que Asunción Pérez, a nai de Chelo, e máis María Feal sumáronse a ela, pois tiñan o mesmo problema. Entón, foron as tres no tren para a Coruña, non sin que antes os veciños lles dixesen que ían facer alí, se non as ía recibir. A elas dixéronlles que pola tarde as ían recibir, coa mala sorte de que se perderon na Coruña.

«Miña tía e máis a nai de Chelo tiñan ganas de mexar e fóronse por unha rúa andando e andando e mamá víaas, e dixo que non ía porque non tiña ganas de andar, que fosen elas que malo sería que encontrasen. Foron todo por esa rúa adiante e resulta que era moi longa e despois, á volta, mamá víaas, pero elas non vían a mama e daban volta, e volvían a dar volta, ata que ela levantou os brazos. Choraban as dúas, dixo mamá! Compraron un quilo de cereixas e comeron con elas. Para o mes -non sei se falaba o castellano se o *ghallegho*- esa paga pertencevos e hai xente que a está cobrando. Esa paga tíñana que pagar no ayuntamiento. Para o mes avisádenos para ir buscar a paga. Ás tres».

A festa



Na festa en Sillobre con Nemesia das Laghoeiras, «A avoa de Laraxe», en 1961.

A vida non ían ser todo traballos, e o verán pasábano indo a todas as romerías que podían, ou que lles deixaban na casa. No caso das romerías, adoitaban ir as familias enteiras e era unha das poucas festas ás que, se eras muller, podías ir despois de casarte e ter fillos. No caso dos bailes era distinto. Sobre as romerías Mucha escribiunos un dos seus recordos:

«Na miña xuventude había moitas romerías. Uns ían por ofrecidos e outros por pasalo ben. O señor José Prego tiña un camión de carretar os pinos porque tiña un aserradero e outros negocios máis e na carrocería do coche poñía tablas que facían de asiento e alí enriba todos contentos recorriamos os Santuarios. Vindo un día de San Andrés de Teixido quedamos medio volcados nunha cuneta. Gracias aos mozos que íban en bicicleta que tiraron con elas, guindándose no coche e salváronnos. Era o que tiñamos naqueles tempos, nadie tiña coche pero todos eramos felices».

Síntoma de que ía xente de todas as xeracións ás romerías é que a avoa de Laraxe, Nemesia das Lagoeiras, sempre os acompañaba. Ela levaba a merenda e ía toda a rapazada da parroquia. Coidaba de todos, comían, ían á festa, despois ían outra vez pola tarde e ela xa lles tiña a cea preparada coas

Cando era guerra facíase unha
merenda de Perpetuo Socorro, e o
derradeiro día íamos todas de marfil
blanco e un lago azul no medio, tamén decíamos
unhas pechias moi bonitas, como non había
tráfico íbamos todo pola carretera hasta a
última casa de Decimán, subíamos o balcón
para tirar as pechias e posían a virxen de
frente levabamos os modos verticais de
manicureiros, sempre bixan os redentoristas e
o que máis viaia era o padre Oribe.

Da mesma xuventude había
meitas ramerías, nos ían por ofrecedor, e
outros por paralo ben. O señor José Diego
tiña un camiión de carretelas puros porque
tiña un aserradero e outros negocios máis e
na carrocería do coche poñía tablas que
facían de asientos e ali enriba todos contentos
necesariamos os Santuários. Cando un día de
S. Cándido de Beirido quedamos moitos arredos
cara a cuneta. Gracias ás modos que íban
en bicicleta que tiraron con elas quindándose
no coche e salváronos. Era o que tiramos
naquel tempo, mocha tona coche pero todos
eramos felices.

Carmen Eiroa

Manuscrito de Carmen Eiroa (Mucha)

Laraxe: memoria dun século

Laraxe: memoria dun século

sobras. Ao rematar, volvía con todos a pé para Laraxe dende Sillobre. Cada un levaba unha comida e ela coidáballela. Era unha festa de merenda. Como tamén ían os seus netos, pois tamén coidaba de todos. Cada un levaba algo para comer: empanada, bola...

Outra muller que as acompañaba sempre ás festas era Carolina, a rosquilleira. Ela íase xa pola mañá ás festas, para vender as rosquillas, e agardaba por eles para volverse para Laraxe. Ela era de Castela, pero viviu na casa de Balseiro.

O Pote de Maniños era unha festa na que lle facían un homenaxe ao Pote de Maniños. As rapazas preparábanse e levaban a súa merenda. Comían xuntas e despois ían ao baile.

Para poder ir aos bailes tiñas que vestir medias, pois poñelas indicaba que xa eras moza. No caso dos nenos, o cambio producíase cando deixabas de poñer pantalón curto. De feito, se tiñas dezaseis anos, pero aínda non vestías medias non podías entrar ao baile de Prego.

Na de Prego había moitos tipos de espectáculos e en ocasións ían artistas. Lémbrense especialmente dos que facían espectáculos con cabras. Estes normalmente facían un ou dous días de actuación e Lolita recorda que enchían o salón. A cabra subíase no tallo e bailaba.

Noutra ocasión na que se encheu o salón foi para a estrea de Ben-Hur. Lolita lémbrese de que se encheu o cine porque se estreou na de Prego antes que en Pontedeume.

No baile, a música que soaba eran sobre todo pasodobres. As mulleres recordan que os bailes eran moi bonitos. Eran agarrados e eran bastante apretadiños. As mulleres podíanlles negar o baile aos homes cando as sacaban a bailar, pero non a todos lles sentaba ben. Mais, Marité di «tiña eu o mesmo dereito a negarlle o baile que eles a sacarme a bailar».

Marité lembra que ían dende Laraxe ao baile a Limodre e ía por un camiño por onde se enterraban as vacas e había que ir polo carreiriña da beira. Ían cun pachuzo que lles facía o seu pai para poder ver. Nun alpendre cambiábanse: secaban os pés cuns trapiños e poñían as medias de cristal. Bailaban, e ás doce da noite volvías ao alpendre, cambiábaste, collías os mistos e acendías outro pachuzo, que fixera o pai doutra amiga.

Se algunha comezaba a usar medias, xa se sentía o comentario «Ai, pois Fulanita xa se puxo de medias!». Tamén podía pasar que na casa non che deixasen usar medias pero as túas amigas fosen ao baile, momento para o cal algunhas delas tiñan os seus recursos, pois, como conta Marité, ela quitaba os calcetíns e ía descalza. Para aqueles nenos e nenas que aínda vestían pantalón curto e calcetíns había un sitio especial, pero as participantes comentan que bailar alí non lles tiña mérito.

Mucha tivo unha infancia dura, pois o seu pai morreu cando a súa nai estaba embarazada dela. Así, a súa nai sempre foi moi estricta e nunca a deixaba ir ao baile soa, sempre tiña que ir acompañada dunha tía dela ou doutra persoa adulta. Ela valora moito todo o que traballou a súa nai, pero lamenta non ter tido xuventude.

Laraxe: memoria dun século

En canto ás festas, no mes de agosto, San Mamé era primeiro, que é o patrón verdadeiro. A seguinte era a de San Lorenzo. Ao día seguinte desta festividade celebrábase Corpus. Ao rematar o San Lorenzo, se quedaban, gardábanse as bolas para ir ao San Ramón, que é o trinta e un de agosto. Lolita lembra que ao mellor facían cinco bolas que gardaban na artesa. Facíanse de ovo e eran bolas altas. Na casa de Lolita, facíaas a súa irmá Fina.

Tamén había festa no San Antonio, na Candelaria, no Perpetuo Socorro. O Perpetuo Socorro era moi grande en Laraxe. Durante esta festividade había unha novena e, como o propio nome indica, duraba nove días. A procesión ía ata o final da parroquia e subían á casa de Maruja da Capota a botar a plegaria. Nesta novena facíanse as primeiras comuñóns.

Poñíanse altofalantes e o irmán de Mucha poñía luces. Mucha tocou a campá moitas veces. Na súa casa levaban a sancristía. Cando Mucha era rapaza tocaba a campá ás 12 do mediodía e tocaba outra vez pola tarde, á hora da oración. Ela recorda moi ben esta festa e así nolo deixou escrito:

«Recordo unha das poesías que se decían á Virxen do Perpetuo Socorro, moi sinxela pero moi fermosa:

*María, toma esta flor,
Que en mi jardín la cogí,
es tan linda y tan hermosa que te la doy a ti
¿La quieres tu, madre mía?
Te ríes, dices que sí,
pues tómala, madre mía,
que te la doy para ti.*

Laraxe: memoria dun século

Tamén recordo os padres redentoristas que viñan facer as misios polas parroquias, e cantaban:

*El demonio a la oreja te está diciendo
Deja la misa y rosario
Sigue durmiendo, labrador
No te acuestes nunca en pecado,
No vaya a ser que despiertes ya condenado.
Si quieres frutos del campo
Los hayará abundantes con el rosario».*



Fonte de San Mamé durante o Perpetuo Socorro.

En xuño, primeiro facíase o Corazón de Jesús. Logo, en San Xoán, facíanse luminarias nos cruces nos camiños. Cada rueiro facía unha luminaria ou tamén chamadas folións. Todo isto facíase para que non viñesen as meigas. Para completar

todas as tradicións da noite meiga, á mañá seguinte había que lavar a cara con auga de flores e poñer un codeso na porta. As flores que usaban habitualmente eran: herba de nosa señora, nogal, herba luísa e rosa salvaxe.

A última festa era en Setembro, cando a xente ía de merenda á festa das Peras, a Pontedeume. Nestas festas comían nos toldos. Recordan comer primeiro no piñeiral da praia.

O baile da candelaria na de Prego era sonado en todo Cabanas. Por ser en febreiro, recordan que tiñan ido nevando. Ao celebrarse o día que empezaba o carnaval, había xente que xa ía disfrazada.

Neste baile facíase a piñata. A orquestra tocaba e chegado un momento poñíase unha piñata. As parellas bailaban de arredor e tirando dunha cinta. Ti bailabas con un rapaz anque non fose o teu mozo, collías a un veciño e dicíaslle: «Imos ti máis eu? Pois vamos! E tirabades ata que acababa e lles tocaba» comenta Marité.

No baile, no medio, poñíase un cesto con cintas. As parellas ían pasando e tirando pola cinta. Á parella que gañaba a piñata dábanlles unha cea e unha vez, Anita dos Currás dixo: Eu quero guiso! Doutra volta gañou Marité con Lelo de Xestal e despois foron tomar unha consumición xuntos. As cestas levaban moitas cousas dentro: un par de medias, cousas de doce...

—

Por suposto, o tema de mocear non podía faltar. Ao preguntar onde se moceaba, Mucha recitounos:

De domingo a domingo te vengo a ver. ¿Cuándo será domingo para poder volver?

O lugar de mocear era na porta da casa ou no alpendre. A porta de arriba tiña que estar pechada. Noutro contexto no que se ligaba era no camiño cara ós bailes. As participantes acordábanse especialmente do camiño cara o Perla, en Perlío, Fene. Comezaba ás seis da tarde e ás dez da noite volvían para a casa andando dende alí. Comezaban a ir con catorce anos ou así.

O San Lorenzo era o patrón verdadeiro e por iso se facía unha festa máis potente na casa. De xantar había cocido, asado, callos, sopa e tamén se cocía empanada. Nalgunha das casas tamén se facía requeixo co leite das vacas. Facer esta sobremesa, polo que contan, non ten ciencia ningunha, pois só tes que deixar callar o leite, sácaselle a nata,ponse a escurrir e unha vez que está feito, vólveselle a incorporar a nata. Josefa conta que, aínda que con leite de cartón, aínda fai o requeixo na casa hoxe en día.

Unha reflexión que sempre se fixo durante as conversas foi que todos os veciños da parroquia eran amigos, pero sempre andaban en pandilla. Cando ían ás festas lonxe, andando, ían sempre xuntos.



Na festa das Peras

Memoria dun século

